

Servizo de execución dunha campaña de comunicación de promoción do cooperativismo para a Unión de Cooperativas EspazoCoop.

Condições de contratación.

OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto fundamental é a contratación dun **Servizo de execución dunha Campaña de Comunicación de Promoción do Cooperativismo** para *Unión de Cooperativas EspazoCoop*, que se enmarca dentro do convenio de colaboración 2022 entre a *Deputación Provincial da Coruña* e *EspazoCoop*, e polo tanto o seu ámbito de destino será a **provincia da Coruña**.

PROCEDEMENTO

Procedemento aberto e simplificado de adjudicación para as cooperativas socias da *Unión de Cooperativas EspazoCoop*.

CONTRATANTE

A *Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop*.

SERVIZO

O servizo ten por finalidade a realización dunha campaña integral de comunicación para promocionar e divulgar o modelo cooperativo, as entidades cooperativas da provincia, e as potencialidades para emprender e xerar actividade na economía cooperativa, contemplando a diversidade do territorio de competencia da *Deputación Provincial da Coruña*.

Esta campaña comprende accións tanto en medios dixitais e redes sociais, como a promoción en prensa, medios de comunicación tradicionais, e reparto e distribución de materiais de promoción.

Obxetivos:

- + Fomentar as cooperativas e o seu modelo empresarial, baseado na autoxestión, na participación, na xestión democrática, e nos principios e valores do cooperativismo.
- + Mellorar o coñecemento e a imaxe sobre as empresas cooperativas.
- + Propiciar que as cooperativas sexan tidas en consideración pola cidadanía á hora de crear e organizar proxectos, xerar actividade económica, e mesmo realizar un consumo responsable.
- + Promover e poñer en valor cooperativas da provincia da Coruña.
- + Dar a coñecer á cidadanía que existen servizos e organizacións que dan soporte á creación e consolidación

das empresas cooperativas, como pode ser a propia Unión.

Destinatarias:

A poboación e a cidadanía en xeral da provincia da Coruña, de distintos contornos territoriais (urbano, rural, semiurbano e semirural). En especial destinada á poboación nova susceptible de incorporarse ao mundo laboral, poboación en activo, poboación en desemprego, mulleres, e outros colectivos para os que a vía cooperativa pode ser unha solución de posta en funcionamento dun proxecto profesional ou doutra índole, en común con outras persoas.

Contido:

O servizo de execución da Campaña comprende dúas liñas de actuación complementarias e o uso de distintos soportes de comunicación para acceder ás persoas e colectivos destinatarios, tendo en conta que existen distintos niveis ou vías de acceso á información:

- 1) unha **campaña de comunicación dixital** de difusión e promoción en medios dixitais e redes sociais.
- 2) unha **campaña de comunicación analóxica** de difusión e promoción en medios de comunicación tradicionais, e a través de soportes físicos, como cartelería e folletos, entre outros elementos publicitarios que se consideren acaídos para a Campaña (como poderían ser elementos publicitarios corpóreos, libretas, calendarios...).

Esta combinación de comunicación dixital e analóxica será sobre a realidade, as características, os retos, e as potencialidades das empresas cooperativas para o emprendemento na provincia da Coruña.

Para acadar os obxectivos, elaborárase un Plan de Traballo que canalice todos os aspectos da comunicación, **fomentando unha imaxe e uns contidos sólidos e de impacto** adaptados ao público obxectivo, á comunidade destinataria, e aos medios elixidos para expandir a Campaña.

Prestacións e tarefas:

O servizo contempla as seguintes prestacións e tarefas, sen prexuízo de realizar e incorporar algún axuste proposto para as mesmas, que se considere acaído para definir e executar a Campaña e acadar os obxectivos:

+ Creación dunha identidade gráfica específica para esta campaña, acompañada dun claim que serán a base sobre a que se desenvolverán o resto de recursos de deseño.

+ Desenvolvemento de soportes e recursos gráficos, analóxicos e dixitais, as accións e materiais seguintes:

- Folleto e cartelería que recolla os contidos básicos de difusión da campaña, así como a súa produción.
- Deseño e produción doutros recursos en soporte físico, como por exemplo elementos publicitarios corpóreos, libretas, calendarios, carteis de rúa para soporte ou mobiliario urbano, ou doutros elementos que se consideren acaídos para realizar publicidade exterior e analóxica.

- Imaxes para adaptar as redes sociais de *EspazoCoop*, que personalizarán as redes no tempo que dure a Campaña (como as cabeceiras, perfís,...).
- Imaxes, creatividade e recursos para as publicacións en redes sociais, infografías, GIFs, memes, vídeos, animacións, reels..., e os que se consideren, que constituirán o material de difusión tanto para as labores de community manager, como para as campañas específicas de ads previstas en redes e internet (facebook, google ads, instagram...).
- Vídeo curto sobre promoción do cooperativismo, dinámico, ameno, claro, educativo, que inclúa os elementos, ideas e mensaxes clave (ao redor da divulgación do modelo, do emprendemento, da transformación en cooperativa, do asociacionismo e os servizos de apoio ...).

+ Realizar comunicación online, en base ás estratexias de comunicación elaboradas para a campaña, se procederá á xestión e supervisión permanente de cada rede a empregar (facebook, twitter, instagram...), atendendo ás súas especificidades. Desenvolveranse as accións e materiais seguintes:

- Elaboración dun calendario periódico de publicacións.
- Realización da publicación ou programación de entradas ou posts en cada unha destas redes, durante os meses que dure a campaña pública (mínimo dous meses).
- Posta en marcha de campañas de ads (pagadas) puntuais e segmentadas en redes e internet (google e facebook, ou outras redes que se se consideren de interese), que virán a apoiar a Campaña en distintos tempos.
- Interacción coa comunidade de cada unha das redes publicadas, e con perfís destacados ou influencers para promover o seu interese nas publicacións e buscar, na medida do posible, unha implicación na súa difusión.
- Xestionar publicidade online en varios medios de comunicación, nas versións dixitais dos xornais principais da provincia da Coruña (banners). Anuncios en medios dixitais.

+ Realizar comunicación analóxica, traballos para lograr a atención de medios de comunicación xeneralistas que canalicen o momento informativo xerado polo lanzamento e inicio da Campaña e/ou outras oportunidades. Entre as actividades a facer estarían:

- Elaboración e envío dun Dossier para a prensa sobre a promoción do cooperativismo e da Campaña, que inclúa, entre outro contido acaído, mensaxes clave, un argumentario de mensaxes que axude e contribúa a definir, enfocar e fomentar os contidos da Campaña e a súa imaxe.
- Redacción e envío de notas de prensa para medios ou mailings e comunicados que se consideren relevantes e acaídos para a Campaña.
- Xestión e preparación de entrevistas en medios, participación de representantes do movemento cooperativo e de cooperativas en reportaxes, especiais ou entrevistas, con motivo da Campaña.
- Atención a medios, realizando seguimento para fomentar a publicación e xestión das peticións adicionais de información.

- Seguimento (clipping de medios) para revisar e archivar todas as referencias á Campaña en medios.
- Anuncios e publicidade en medios escritos, a través de anuncios tipo faldóns, medias páxinas, páxinas, ou o formato de anuncio que se propoña e considere para a Campaña nos principais xornais da provincia da Coruña, ou noutros medios.

+ Aplicación e distribución dalgúns elementos da publicidade analóxica:

- Xestionar a distribución dos folletos e cartelería, e outros elementos publicitarios físicos posibles, en espazos da provincia da Coruña relacionados coa promoción do emprego. Previamente haberá que identificar e seleccionar as destinatarias para os envíos, co fin de difundir a Campaña. Seleccionaranse un amplo número de lugares (públicos e privados), e entre eles a rede de espazos da propia *Deputación Provincial da Coruña*, Oficinas de emprego, Concellos, Viveiros, Axencias comarcais, etc. Como dato indicar que a provincia consta de 94 Concellos e 18 Comarcas.
- Xestionar a aplicación da cartelería de rúa nos soportes urbanos.

+ Informe final de impacto da Campaña.

PRAZO DE EXECUCIÓN

O servizo comezará ao día seguinte ao da recepción deste encargo pola adjudicataria e rematará como máximo o 31 de Decembro de 2022.

ORZAMENTO

Importe máximo do orzamento do servizo **13.140 €** (IVE non incluído).

PREZO DA OFERTA ECONÓMICA

As licitadoras ao formular as súas propostas económicas, incluírán nas mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto deba indicarse como partida independente.

No prezo da oferta económica estarán incluídos todos os gastos que supoña a realización do traballo -persoal, impostos, medios técnicos e materiais, desprazamentos e xestións, entres outros-.

O prezo do contrato non sufrirá ningunha variación ao longo da súa vixencia, nin sequera no caso de que por virtude de disposicións laborais se modificaran os salarios, cotas da Seguridade Social, ou calquera outra remuneración do persoal que se empregue.

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

Cada licitadora non poderá presentar máis dunha proposta. A mesma deberá detallar o importe das partidas que compoñen o prezo total, así como o IVE en vigor, e o importe total en euros.

A proposta económica a presentar por cada licitadora tamén deberá axustarse ao modelo incluído como **Anexo I** deste documento de condicións de contratación.

A oferta tamén deberá conter a xustificación da proposta e a estratexia para a implementación do servizo, na que se definan os obxectivos a acadar, incluíndoas na proposta técnica. Na mesma valorarase o grao de definición e detalle, plan de traballo e programación, grao de innovación e/ou orixinalidade da proposta, adecuación dos recursos materiais e cadros de persoal ao servizo, melloras presentadas sobre o establecido no apartado "Servizo".

Cando corresponda, deberá presentarse, ademais, documentación vinculada a outros criterios de adxudicación e melloras:

+ Experiencia profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: Acreditarase cos currículos vitae de cada profesional proposto, debida e individualmente asinados e a correspondente acreditación documental da titulación e/ou experiencia profesional.

O seguro de responsabilidade profesional que cubra cando menos o importe total do prezo do servizo adxudicado, acreditarase con copia fiel da póliza contratada onde figure dito importe asegurado.

+ Proposta Técnica: Recollerase na mesma entre outra información e se é o caso, a porcentaxe sobre o orzamento total de adxudicación do servizo que vai supor a subcontratación con empresas de economía social e solidaria.

+ Medidas de Responsabilidade Social: Acreditaranse a través de documentos como Balance Social; Auditoría Social; Plan de Igualdade e/ou Memoria de Sustentabilidade. O anterior sen prexuízo de solicitar a acreditación da colaboración con outras entidades á entidade que obteña a mellor puntuación.

As ofertas deberán presentarse en formato electrónico a través do email nuria@espazo.coop, con aviso de recibo, sendo como prazo **até o día 15 de Setembro de 2022 ás 14 horas**.

MESA DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN

A mesa de contratación estará constituída por tres persoas pertencentes á dirección técnica de *EspazoCoop*, agás naqueles casos que pola súa dimensión e/ou características requiran a presenza do consello reitor.

Avaliaranse as propostas recibidas de forma obxectiva e segundo os criterios para a adxudicación do contrato. Proporá a adxudicación a favor da licitadora que maior puntuación obteña polos criterios e melloras incluídas. No caso de empate entre dúas ou máis ofertas, será concedido un novo prazo de tres días hábiles para presentación de ofertas, mantendo os criterios para a adxudicación.

As adxudicatarias e os criterios de adxudicación faranse públicos no espazo da web da Unión habilitado a tal efecto.

No caso de que o órgano de contratación estime preciso verificar a personalidade xurídica, capacidade de obrar, o apoderamento, ou se a prestacións do contrato están dentro do seu obxecto social, fins ou ámbito de actividade, poderá requirir á licitadora para que presente a correspondente documentación acreditativa dentro do prazo de sete días hábiles, a contar

desde o día seguinte a aquel do envío do requerimento. O mesmo realizarase en todo caso á empresa que obteña a mellor puntuación mediante comunicación electrónica.

CRITERIOS E MELLORAS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Ser cooperativa afiliada a <i>EspazoCoop</i>	4 puntos	Máx. 20%
Ser cooperativa non afiliada a <i>EspazoCoop</i>	2 puntos	
Ser sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción	1 punto	
Experiencia profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: - Experiencia + Garantías da Entidade e Currículo Vitae das persoas socias (3) - Traballos anteriores satisfactorios con EspazoCoop (2) - Cooperativa de nova creación (1)	Ata 4 puntos	Máx. 15%
Proposta Técnica con inclusión de melloras (Se a proposta é a iniciativa da cooperativa socia resérvase 2 puntos)	Ata 6 puntos	Máx. 25%
Grao de Intercooperación: - Proxecto de intercooperación con outras socias - Intercooperación en redes: <i>Coop57 Galicia, Reas Galicia</i> , etc. - Grao de participación nas actividades da <i>Unión de Cooperativas EspazoCoop</i>	Ata 1 punto	Máx. 10%
Oferta Económica	Ata 4 puntos	Máx. 20%
Medidas de Responsabilidade Social: Balance Social, Plans de Igualdade, consumo e utilización de produtos e servizos respetuosos coa contorna, Memorias de Sustentabilidade, colaboración con entidades sociais, e aquelas que se propoñan na propia proposta.	Ata 1 punto	Máx. 10%

MELLORAS A VALORAR

Existencia dun seguro de responsabilidades profesionais.

No non previsto no presente prego, aplicarase o contemplado no procedemento interno de contratatación de *EspazoCoop*, que poderase descargar na sección de "Transparencia" da web da Unión: [aquí](#)

PROPIEDAD E PROTECCIÓN DOS RESULTADOS DOS TRABALLOS

Todos os materiais, resultados e traballos realizados ao abeiro do contrato pertencerán á *Unión de Cooperativas EspazoCoop*. Os dereitos de autoría e calquera outro dereito de propiedade sobre os traballos realizados, a excepción de aqueles sobre os que exista algún dereito preexistente, pertencerán única e exclusivamente a dita Unión.

CONFIDENCIALIDADE

A licitadora ou adxudicataria deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados no desenvolvemento do proxecto. Así mesmo, queda expresamente obrigada:

- + A utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas nela.
- + A non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei; esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato.
- + A facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial.
- + A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

O pago do prezo do contrato efectuarase previa presentación, por quen sexa contratista, das correspondentes facturas. As facturas emitiranse por acordo entre a adxudicadora e adxudicataria, sendo unha delas á finalización dos servizos.

Terán carácter contractual, alén do propio contrato de servizos, este documento de condicións de contratación e o protocolo de contratación de servizos da *Unión de Cooperativas EspazoCoop*.

INFORMACIÓN VINCULADA Á PRESTACIÓN DO SERVIZO

CADROS DE PERSOAL

O equipo de persoas e materiais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da empresa ou entidade adxudicataria.

A empresa licitadora deberá presentar na súa oferta o equipo de traballo que levará a cabo o servizo se resulta adxudicataria do contrato. Este equipo de traballo estará liderado por unha persoa coordinadora de proxecto que actuará como única interlocutora ante a *Unión de Cooperativas EspazoCoop*.

A empresa que resulte adxudicataria deberá acreditar, mediante currículo, os perfís profesionais do equipo de traballo que prestará os servizos, e indicará as funcións que desenvolverá cada un dos membros do equipo. Para a realización das

prestacións obxecto do servizo, a empresa adxudicataria deberá adscribir ao contrato a persoas con formación e/ou experiencia demostrábel de como mínimo 5 anos nas devanditas prestacións e que deberán acreditar.

Na proposta técnica especificarase o volume de subcontratación e os recursos propios postos a disposición.

No caso de que se subcontraten entidades, valorarase que sexan empresas da Economía Social.

A *Unión de Cooperativas EspazoCoop* resérvase o dereito a solicitar o cambio de calquera das persoas compoñentes do equipo de traballo da empresa adxudicataria, no caso de considerar que non se adapta ao perfil ou calquera outro motivo técnico na formación ou calidade dos traballos desenvolvidos.

RECURSOS MATERIAIS

O prezo do contrato incluírá igualmente os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento do servizo. As empresas ou entidades adxudicatarias porán a disposición do servizo os medios materiais, técnicos e de instalacións necesarios para levar a cabo as prestacións obxecto do servizo, garantindo o seu mantemento durante toda a vixencia do contrato. Así como seguros de responsabilidade civil profesional, e demais seguros necesarios para a realización das distintas prestacións do servizo.

DIRECCIÓN E SEGUIMIENTO DOS TRABALLOS

O seguimento deste servizo por parte da *Unión de Cooperativas EspazoCoop* será realizado dende a área de comunicación. A empresa adxudicataria designará, de entre o seu equipo de traballo, unha persoa que estará encargada da coordinación do equipo de traballo coa *Unión de Cooperativas EspazoCoop*. A efectos de estar coordinados para a correcta execución do traballo.

A adxudicataria non poderá efectuar ningunha modificación no programa dos traballos ofertados sen a previa autorización da *Unión de Cooperativas EspazoCoop*.

Durante a execución dos traballos obxecto deste contrato, a empresa adxudicataria comprométese a facilitarlle en todo momento á *Unión de Cooperativas EspazoCoop* e, se é o caso, ás persoas designadas por esta para tales efectos, a información e documentación que soliciten para dispoñer dun pleno coñecemento e circunstancias nas que se desenvolvan os traballos, así como dos eventuais problemas que poidan presentarse e das tecnoloxías, métodos e ferramentas utilizadas para resolvelos.

A empresa deberá asistir a todas cantas reunións de coordinación e seguimento sexan convocadas pola *Unión de Cooperativas EspazoCoop*.

IMAXE CORPORATIVA

No material e contido realizado en execución deste contrato deberá incluírse a imaxe de *EspazoCoop*, e da *Deputación da Coruña*.

CONSULTAS

As licitadoras poderán dirixirse, para as súas consultas, ao teléfono 986 866 149 ou no correo electrónico nuria@espazo.coop.

En Santiago de Compostela | Na data da sinatura electrónica deste documento.

Asdo : M^a del Mar Pernas Márquez | Apoderada da Unión de Cooperativas EspazoCoop

ANEXO I
MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

(*Nome da persoa*) , con DNI/NIF en nome e representación de con domicilio en provincia de enterado/a das condicións e requisitos que se exixen para a adxudicación polo procedemento aberto regulado no procedemento interno de contratación de EspazoCoop do contrato , comprométese en nome de (*en nome propio ou da Empresa a quen representa*), a tomar ao seu cargo a execución do mesmo, con estrita suxeición aos expresados requisitos e condicións e pola CANTIDADE de € IVE EXCLUÍDO. (Importe de IVE) (*)

(*) Na proposición deberá indicarse como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido

..... de de

Data e Sinatura da LICITADORA